

1. ***Cales foron as túas orixes?***

Foron moi humildes, creime nunha aldea onde sempre hai traballo que facer, se había que axudar o veciño íamos... recoller as patacas, as castañas, a vendima. Tamén foi un luxo.

A miña orixe foi moi humilde xente traballadora na ribeira.

2. ***De onde xurdiu o teu interese polos barcos.***

Andei moito por moitos sitios e unha vez comentei na casa e compramos unha barquiña en Barcelona.

Unha vez que tivemos a barquiña foi descubrir un mundo novo, os castros asolagados. Vimos tanta beleza que comprei unha barca máis grande e saquei o título de patrón de embarcación, pero nunca imaxinei dedicarme a iso. "Eu penso que estaba para min". Foi no momento adecuado e pareceume moi bonito ofrecerlle iso os visitantes.

3. ***Como é o teu día a día?:***

Unha loucura, teño moita falta de persoal e dedícome eu a todo.

O peor que levo e non ter persoal e profesionais para traballar. Eu levo a barca moito máis que levar o teléfono todo o día. Hai xente que che "conta a súa vida" e iso lévoo moi mal.

4. ***Lendo a túa biografía, que viaxe foi a que máis te marcou?***

India, pola experiencia, polo ioga e a meditación. Eu creo que cando temos unha enerxía se pensamos en positivo iso é o que provocamos.

A India marcoume porque e moi espiritual.

5. ***Cando fuches estudar a Londres ías ca idea de crear Quinta Sacra ou de traballar alí?***

Que va, eu estaba estudando turismo nunha escola privada en Madrid, a Escola Sol e sacaba moi malas notas en Inglés. As clases as que non ía aprobaba pero as que ía (Inglés) suspendía, vin que algo fallaba e decidín ir a Londres polo tema do Inglés, pero cando estudaba Turismo en Madrid non me gustaba nada o método, había que estudar moito, libros grosos de *chapatoria* e iso "nunca foi o meu" a min gústame razoar as cousas, de traballo en equipo, traballo de campo. Cando fun a Londres iso deixeiño aparcado, comecei a estudar fotografía no Sant Martin 's e cambioume a vida, comecei a viaxar facía fotografía no laboratorio en branco e negro, desfrutei moito esa etapa.

ENTREVISTA A LUISA RUBINES

Despois de isto plantexei que como só me faltaba un ano da Diplomatura de Madrid era unha pena que non a acabara e matriculei nunha universidade moi boa en Londres, a Universidade Metropolitan decidín acabar a carreira de turismo, convalidáronme dous anos e alí fixen unha licenciatura (alí non é diplomatura) enfocada o desenvolvemento sostible e si que me gustou moito o método porque, explicaban todo o impacto negativo que ten o turismo. Un impacto a longo prazo se non se sabe xestionar, hai que ter coidado cas masificacións, ca xente que vive nese territorio. Existen exemplos de lugares os que van as multinacionais e destrúen todo o que hai nese lugar, exemplos como unha fonte que leva alí toda a vida, tribos como os masais; chega o turismo de luxo de resorts con todo incluído.